

PROPOSTA DA SECRETARIA XERAL DE CULTURA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 31 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais (DOG núm.113, de 16 de xuño de 2021).

PROPÓN:

Primeiro. Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes, incluíndo aquelas solicitudes que non acadaron a puntuación mínima establecida no artigo 14 da Orde, por non acadar unha puntuación igual ou superior a 22 puntos.

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, que se divide en dous apartados:

- a) Solicitudes que acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello de Gondomar e remata co concello de Baralla
- b) Solicitudes que non acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello de Carnota e remata co concello de Frades.

Segundo. Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 2 da orde, así como aquelas solicitudes non presentadas en tempo e forma, consonte o establecido nos artigos 7 e 8 da orde de convocatoria (Anexo II)

Terceiro. Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web www.cultura.gal.

Cuarto. Segundo o establecido na Orde de convocatoria, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Secretaría Xeral de Cultura no lugar e forma indicados no artigo 15.5 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Secretaria Xeral de Cultura, a través do seguinte enderezo: secretaria.xeral.cultura@xunta.gal no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

Santiago de Compostela
O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

